



Dolors Miquel naceu en Lleida en 1960 e trasladouse primeiro a Barcelona para estudar Literatura Catalá e máis tarde a Girona e á Costa Brava para ensinala. Acérrima defensora da natureza e dos animais, é poeta, escritora, pensadora, tradutora ocasional e rapsoda. Dentro do ámbito da literatura catalá pertence á xeración que eclosiona durante o cambio de século, dun neobarroquismo *beat* capaz de levar a poesía fóra dos seus anquilosados espazos a través de recitais bohemios, interculturais e algo tolos, que incorporan as marxes ao centro neurálxico da cultura catalá. O mesmo movemento do que fan parte cómplice os poetas Albert Roig, Perejaume ou Enric Casasses.

Así, Dolors Miquel publica o seu primeiro libro de poemas en 1990: *El vent i la casa tancada*, seguido por outros tres títulos nesa mesma década. Na primeira dos 2000 ven a luz outros oito poemarios, entre os que salienta *Gitana Roc* (2000) ou a *Missa Pagesa* (2006). Seis novos títulos de poesía saen do prelo na segunda década do milenio, entre eles *La dona que mirava la tele* (2010) e *El guant de plàstic rosa* (2016), que Miriam Reyes traduciu ao castelán en 2018 como *El guante de plástico rosa*. Ademais do seu traballo en revistas, e da publicación dalgunhas outras obras como narradora, dramaturga e tradutora, este ano vén de publicar *Sutura*, antoloxía persoal que inclúe tamén poemas novos. Pola súa obra recibiu galardóns coma o Ciutat de Barcelona, Gabriel Ferrater, Alfons el Magnànim de Valencia en dúas ocasións, Ausiàs March ou o da Crítica de poesía catalá.

DIMENSIÓNS (en tradución ao galego)

Canto é cero multiplicado por infinito? E amor multiplicado por cero? E Morte dividida entre infinito? Canto é a vida máis un? Cantos somos ti menos eu? Intentes como o intentes, se abres a porta, nunca abres a porta. É a linguaxe quen a abre por ti. Eu tan só entro. Non hai ningunha porta. É como a man. É todo. Non existe a man. É unha palabra, coma un sinalador de camiños e fronteiras. Eu só entro. O intre finito do meu infinito entra en ti. Cando ti non estás. Con ese xeito teu de non estar. Neste infinito xeito teu de non estar. Ti non o intentes. Aquí non estás. Aínda non se crearon os matemáticos. O ceo está cheo de anxos. Reina o estómago. Nada de cerebros. Seguro que mañá neva. Non ten xanelas o día.

← (DOLORS MIQUEL)

Luns 24 de maio
20:00

ÁGORA
www.centroagora.es



Poetas Di(n)versos ²⁰²¹

Dolors Miquel





Nada en Escairón en 1987, **Alicia Fernández** licenciouse en Filoxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela, e participou en varios proxectos relacionados coa escrita e a edición.

Fundou, xunto ao escritor e tradutor Eduard Velasco, a libraría especializada en poesía Chan da Pólvora, que dirixiron entre 2016 e 2018. Participou en multitude de recitais e impartiu obradoiros de iniciación á escrita poética para público adulto e infantil. Na actualidade é a vogal dos Países Cataláns da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, da que tamén foi vicepresidenta.

Os seus poemas –que mereceron varios premios, entre outros o Francisco Añón, o Díaz Jácome, o Ánxel Casal ou, antes, o Minerva– foron publicados en revistas literarias como Xistral, Dorna ou Revista das Letras, e nalgúns libros colectivos e antoloxías como *Letras Novas* (AELG, 2007), *No seu despregar* (Apiario, 2016) ou *13. Antoloxía da poesía galega próxima* (Chan da Pólvora / papeles mínimos, 2017). O seu debut na poesía foi *Botar o mar polos ollos*, que publicou Edições Tema de Lisboa no ano 2005, cando Fernández tiña apenas dezasete anos. Quince anos máis tarde e hai só algúns meses, o seu segundo poemario, *Mamá pelicano*, viu a luz en Espiral Maior tras facerse co Premio Fiz Vergara Vilariño. Ademais, Alicia é nai de Carme e de Xonás, que quere aparecer nesta biografía.

*Mordeume o Xoán de Cazón.
A mestra sentouno nun banco,
pediume que fixese o mesmo
e el estendeume a man,
os dedos separados,
as uñas sucias;
non puiden trabar nela
e iso que imaxinei
o fácil que vos é esfolar coellos,
só un tallo na pel,
ou como tirades pratos
deixando tamén a marca.
Querería fincarlle os dentes
con esa precisa facilidade
e pensei nunha corola aberta,
cinco pétalos brancos,
mais nin así.*

*No odio.
Na flor da cerdeira.*



(ALICIA
FERNÁNDEZ)

Luns 24 de maio
20:00

ÁGORA
www.centroagora.es



Poetas
Di(n)versos ²⁰²¹

Alicia Fernández

